



Concello Fisterra

Plan de
Emprego Local **PEL**

Deputación da Coruña

BANDO

Con cargo ao Programa de Integración Laboral, mediante subvención concedida pola Excma. Deputación da Coruña para o ano 2020, o Concello de Fisterra oferta os seguintes postos de traballo:

- **6 peóns de servizos múltiples, a xornada completa por un período de 5 meses**

O Concello presentará unha oferta pública ante o Servizo Público de Emprego de Galicia para realizar a contratación. As persoas interesadas en participar no proceso selectivo deberán estar inscritas previamente no dito servizo como demandantes de emprego. na categoría correspondente (“peón de obras públicas”).

As bases das correspondentes convocatorias de concurso de méritos poden ser consultadas na web municipal (www.concellofisterra.gal), no taboleiro electrónico (sede.concellofisterra.gal) e na aplicación “Fisterra informa”.

Fisterra, 11 de maio de 2020.

O Alcalde-Presidente,


José Marcote Suárez



DECRETO

ASUNTO: BASES PEÓNS PROGRAMA DE INTEGRACIÓN LABORAL 2020 - DEPUTACIÓN

EXPEDIENTE: 2020/G003/000106

ANTECEDENTES:

Á vista da subvención outorgada por parte da Excm. Deputación provincial da Coruña, ao abeiro da Convocatoria do Programa de Integración Laboral da Deputación Provincial da Coruña para a anualidade 2020,

Esta Alcaldía en virtude das facultades que me confire o Artigo 21-1 h) da Lei 57/2003 de 16 de Decembro de medidas para a modernización do goberno local, acorda Aprobar as seguintes :

BASES PARA A CONTRATACIÓN DE PERSOAL LABORAL TEMPORAL DENTRO DO PROGRAMA DE INTEGRACIÓN LABORAL DA EXCMA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA ANO 2020

Á vista da subvención outorgada por parte da Excm. Deputación provincial da Coruña, ao abeiro da Convocatoria do Programa de Integración Laboral da Deputación Provincial da Coruña para a anualidade 2020,

1º. Obxecto da convocatoria

Esta convocatoria ten por obxecto a contratación de **seis (6) Peóns para a cuadrilla de obras e servizos mínimos municipais** nos termos establecidos na Convocatoria do programa de Integración Laboral, mediante a execución de obras e servizos mínimos municipais dos concellos da provincia de menos de 20.000 habitantes anualidade 2020 publicada no BOP número 29 do 12 de febreiro de 2020 e na Resolución de **concesión definitiva publicada no BOP número 61, do 17 de abril de 2020 coa modificación de resolución (BOP 63, do 24 de abril de 2020)**.

2º. Duración e tipo de contrato

O contrato de traballo terá as seguintes características:

Contrato de duración determinada por obra ou servizo, cunha xornada laboral de 37,5 horas semanais, por un período de 5 meses.

3º. Funcións

As funcións e tarefas a desempeñar polos/as traballadores/as serán as propias do posto, en todo caso as necesarias para a execución das competencias en materia de servizos municipais mínimos que son os servizos comunitarios básicos previstos na nova redacción dada pola Lei 27/2013 de 27 de decembro de racionalización e sostibilidade da Administración Local ó artigo 26 da Lei 7/1985 de bases de réxime local.

4º. Publicidade e presentación da oferta

Esta convocatoria será publicada mediante Bando na **web municipal www.concellofisterra.gal, no Taboleiro de anuncios electrónico (sede.concellofisterra.gal) e na aplicación “Fisterra informa .**

Este Concello presentará a correspondente Oferta de Emprego ante o Servizo Público de Emprego de Galicia.

O Concello seleccionará ás persoas traballadoras entre as persoas candidatas remitidas polo dito Servizo Público de Emprego.

5º. Requisitos dos/as aspirantes

A) Ser español ou nacional dalgún dos Estados membros da Unión Europea ou nacional dalgún Estado en que en virtude dos Tratados Internacionais realizados pola Unión Europea e ratificados por España sexa de aplicación a libre circulación de traballadores, nos termos establecidos na normativa vixente.

B) Ter cumpridos os dezaseis anos e non exceder, no seu caso, da idade máxima de xubilación forzosa.

C) Non padecer enfermidade ou defecto físico que impida o desenvolvemento das funcións propias do posto.

D) Non ter sido separado/a mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas.

E) Non estar incurso en causas de incompatibilidade de conformidade co establecido na Lei 53/84 de 26 de decembro do persoal ó servizo das Administracións Públicas.

F) Estar inscrito como demandante de emprego no Servizo Público de Emprego de Galicia.

G) Estar incluídos/as nalgunha das seguintes situacións de exclusión laboral, de conformidade co disposto na Base 2 do Programa de Integración Laboral:

- Mulleres, ao ter un diferencial de índice de paro rexistrado sensiblemente superior ao dos homes.
- Maiores de 45 anos.
- Persoas desempregadas de longa duración (aos efectos deste Programa terán esta consideración aquelas persoas que leven un mínimo de dous anos como demandantes de emprego).
- Persoas con discapacidade: aquelas persoas que teñan recoñecida, pola Administración competente, unha discapacidade nun grao igual ou superior ao 33%.
- Persoas desfavorecidas que estean nalgunha das seguintes situacións: drogodependencia, vivir nun fogar onde ninguén teña emprego, persoas sen fogar, persoas con fogar monoparental e persoas con problemas para atopar emprego polo idioma ou cuestións socioculturais ou persoas vítimas de violencia de xénero.

6º. Documentación

O Concello poderá esixir en calquera momento do proceso a presentación dos documentos orixinais que acrediten os méritos alegados a que se fai referencia nestas bases, e o cumprimento da situación de exclusión laboral, recollidos no apartado G) da base 5ª.

7º. Admisión dos/as aspirantes

Recibidos os/as candidatos/as por parte do Servizo Público de Emprego, procederase á publicación na páxina web (www.concellofisterra.gal) ,no taboleiro de anuncios electrónico (sede.concellofisterra.gal) e na aplicación “Fisterra informa “ da listaxe provisional de admitidos/as e excluídos/as. As persoas excluídas disporán dun prazo de **dous (2) días hábiles** contados a partires do seguinte ao da publicación da devandita resolución para reparar os defectos que motivasen a súa exclusión ou omisión.

8º. Listaxe definitiva

Rematado o prazo de subsanación dos erros que motivasen a exclusión ou omisión das persoas aspirantes, publicarase nas mesmas canles anteriores a listaxe definitiva das persoas admitidas e excluídas, así como a composición da Comisión de selección que realizará a valoración de méritos do proceso selectivo.

9º. Comisión de selección

Estará constituída da seguinte forma:

- Presidente/a: Empregado público fixo ó servizo das Administracións Públicas.
- Secretario/a: O da Corporación ou funcionario do Concello en quen delegue (actuará con voz pero sen voto).
- Vogais: Tres, que sexan empregados públicos ó servizo das Administracións Públicas.

10º. Procedemento de selección

A selección realizarase nunha única fase: **Valoración de méritos.**

Valoraranse os seguintes conforme ao seguinte **Baremo**:

A. Formación:

Pola participación en programas de capacitación, formación e integración no mundo laboral, organizados ou financiados polas administracións públicas, ou por calquera organismo oficialmente homologado, puntuarase da seguinte forma:

- Cursos de máis de 20 horas ata 50 horas: 0,10 puntos por cada unha das actividades formativas.
- Cursos de máis de 50 horas ata 100 horas: 0,20 puntos por cada unha das actividades formativas.
- Cursos de máis de 100 horas: 0,30 puntos por cada unha das actividades formativas.

A puntuación máxima a acadar neste apartado é de 3 puntos.

B. Experiencia profesional.

Por tarefas directamente relacionadas co posto de traballo ao que se opta: 0,20 puntos por mes traballado.

A puntuación máxima a acadar neste apartado é de 7 puntos.

11º. Nomeamento

Unha vez que remate a selección, a Comisión de selección propondrá o nomeamento dos/as aspirantes que acadasen a maior puntuación, non superando o número máximo de prazas convocadas, quedando os demais en reserva, por orde da puntuación obtida.

En caso de empate, a orde de puntuación das persoas candidatas establecerase pola puntuación acadada no apartado de experiencia profesional, e no caso de persistir o empate, dirimirase mediante sorteo.

O Alcalde realizará o nomeamento definitivo, mediante decreto, que será publicado nas canles establecidas, formalizando o contrato laboral o primeiro día hábil seguinte á súa notificación.

A Comisión de selección queda facultada para resolver todo tipo de dúbidas que poidan presentarse durante o desenvolvemento das probas.

12º. Recursos

Estas bases, a súa convocatoria e cantos actos administrativos xurdan destas, poderán ser impugnadas polos/as interesados/as nos casos e coa forma prevista na Lei 39/2015, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Mandouno e asina o Sr. Alcalde en **Fisterra, a once de maio de dous mil vinte**, do que eu, como secretario, de que certifico.

O ALCALDE,

José Marcote Suárez

ANTE MIN

O SECRETARIO,

José Ramón Lema Fuentes